



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o artigo 64 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde o persoal estatutario que acceda a un posto directivo das organizacións internacionais ou das Administracións Públicas, será declarado en situación de:

- A) Excedencia voluntaria.
- B) Servizos Especiais.
- C) Servizos baixo outro réxime xurídico.
- D) Excedencia por servizos no sector público.

2. De acordo co artigo 73 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a sanción de suspensión de funcións determina a perda do destino:

- A) Cando a suspensión de funcións exceda de seis meses.
- B) Cando a duración da suspensión firme de funcións sexa inferior á duración da suspensión provisional.
- C) Cando o determine a autoridade competente de maneira discrecional.
- D) Se a suspensión non supera os seis meses.

3. Segundo o artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase:

- A) Como un organismo autónomo sen personalidade xurídica.
- B) Como unha empresa pública.
- C) Como unha sociedade mercantil de carácter sanitario.
- D) Ningunha resposta é correcta.

4. Sinala a resposta CORRECTA en relación ao dereito á educación recoñecido no artigo 27 da Constitución Española do 1978:

- A) A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.
- B) A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos fundamentais e liberdades públicas.
- C) A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade do home no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos fundamentais e liberdades públicas.
- D) A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos valores democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades públicas.

5. O número de membros do Parlamento Autonómico, segundo o artigo 11 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia estará entre:

- A) 71 e 80
- B) 75
- C) 60 e 80
- D) 70 e 80

6. A Constitución Española de 1978, no seu artigo 29, reconece o dereito de petición a:

- A) Os españois.
- B) Todos.
- C) Todos os españois.
- D) Ningunha resposta é correcta.

7. Poderán formar parte dos tribunais de selección segundo o Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- A) O persoal de elección ou designación política.
- B) Os funcionarios interinos.
- C) O persoal eventual.
- D) Ningún dos anteriores.

8. Segundo o artigo 38 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, a sanidade exterior e as relacións e acordos sanitarios internacionais é unha competencia:

- A) Exclusiva do Estado.
- B) Exclusiva das Comunidades Autónomas.
- C) É unha competencia compartida entre a Administración Estatal e Autonómica.
- D) Na Lei xeral de sanidade non se fai referencia a esta competencia.

9. A Lei 39/1995, do 8 de novembro, coñécese como:

- A) A Lei xeral de sanidade.
- B) A Lei de saúde de Galicia.
- C) A Lei de prevención de riscos laborais.
- D) Ningunha resposta é correcta.

10. Segundo o artigo 13 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, as leis de Galicia promúlganse:

- A) No nome do Rei polo Presidente do Parlamento.
- B) Polo Presidente da Xunta.
- C) No nome do Rei polo Presidente da Xunta.
- D) Polo Conselleiro de Presidencia.

1. O procedemento de cualificación das enfermidades profesionais, segundo o establecido no artigo 6 da Lei, actualmente vixente, de prevención de riscos laborais, será regulado por:

- A) A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no traballo.
- B) Os órganos técnicos das Comunidades Autónomas.
- C) Polo Goberno da Nación.
- D) Por ningún dos citados.

2. Segundo o artigo 49 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, a quen compete organizar os servizos de saúde de acordo cos principios básicos da citada Lei:

- A) Ao Estado.
- B) Ás Comunidades Autónomas.
- C) Ás Corporacións Locais.
- D) Ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.